

CONCELLO
DE VIGO



Visita o teu Concello

U.D. Secundaria e Bacharelato

CONTEXTUALIZACIÓN

A diario interactuamos cos nosos familiares, amigos/as, compañeiros/as, mestres/as e veciños/as. Estas relacións teñen lugar no noso fogar, no centro educativo e no noso entorno. Para que a nosa vida e a das persoas que nos rodean sexa máis fácil, é necesario respectar as normas de convivencia. Temos que saber cales son os nosos dereitos e responsabilidades nos distintos espazos que compartimos.

As persoas que viven no mesmo municipio son os nosos veciños e veciñas, e con elas debemos convivir de maneira respectuosa, cumprindo as nosas obrigas e exercendo os nosos dereitos.

No noso país existen diversas institucións políticas e de goberno, cada unha con funcións e competencias propias: o Estado, as Comunidades Autónomas, as Deputacións Provinciais e os Concellos. Estes últimos son os máis próximos á cidadanía e serán os que se abordarán neste programa educativo.



OBXECTIVOS

Os obxectivos que persegue a iniciativa didáctica municipal **“Visita o teu Concello”** son:

1

Por en valor a importancia do papel que xogan os Órganos Municipais no marco da xestión dos recursos e da correcta convivencia na nosa cidade.

Coñecer a estrutura e funcionamento do Concello, identificando os diferentes órganos de goberno municipal.

2

3

Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade.

Comprender o proceso democrático no ámbito local e aprender sobre o proceso electoral en Galicia, como se elixen os representantes locais.

4

5

Identificar as competencias, servizos e recursos públicos que dependen do Concello.

Fomentar a participación cidadá no ámbito local. Os estudantes reflexionarán sobre a importancia de participar nas decisións que afectan á súa comunidade.

6

7


Aplicar conceptos aprendidos en Xeografía e Historia: A visita permitirá ao alumnado conectar cos coñecementos adquiridos nestas materias, facendo un paralelismo entre o funcionamento teórico do goberno local e a súa aplicación práctica na súa contorna inmediata.

CONTIDOS

3.1.- O Municipio

O territorio

Refírese ao espazo xeográfico no que o Concello leva a cabo as súas competencias. Cada municipio debe formar parte dunha única provincia. Vigo ten unha extensión de 110Km². Ten un gran núcleo urbano, no que prima a división administrativa baseada nos barrios. Pero tamén posúe unha importante zona rural, onde a división tradicional en parroquias, formadas por aldeas e lugares segue estando moi viva.



Saberiades nomear algunhas das parroquias do municipio de Vigo? son: Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candean, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saians, Sárdoma, Teis, Valadares, Zamáns.

A poboación

A poboación é o elemento persoal do municipio, estando constituída polo conxunto de persoas inscritas no Padrón municipal, considerándose ás mesmas como veciños e veciñas. A condición de veciño/a adquirese no momento en que a persoa se inscribe no Padrón. As persoas que vivimos no municipio de Vigo e estamos rexistradas no Padrón de Habitantes somos coñecidas como vigueses e viguesas. Todas as persoas que residen en España deben inscribirse no Padrón do municipio onde habiten de maneira habitual. Este listado de habitantes actualízase constantemente coas altas e baixas no Padrón, como os nacementos, as defuncións e os movementos de poboación derivados da emigración e a inmigración. A actualización do Padrón é crucial para que o Concello saiba cantas persoas viven no seu territorio e poida ofrecer os servizos necesarios para a súa vida diaria, como a recollida de lixo, a subministración de auga potable, o transporte público, entre outros. Como veciños/as temos dereitos e obrigas. **Saberíades dicir algún exemplo destes?** En canto aos dereitos, por exemplo, estar inscrito no padrón de habitantes dá-nos dereito a poder votar nas eleccións municipais unha vez sexamos maiores de idade ou a presentarnos ás eleccións como candidato/a a ser elixido. Tamén nos dá dereito ao acceso en condicións de igualdade aos servizos públicos municipais. En canto ás obrigas por exemplo debemos cumprir as normas locais e contribuír na súa aplicacións, temos que respectar os equipamentos e servizos municipais e temos que pagar os impostos municipais que nos correspondan contribuíndo así a ter servizos públicos e ao benestar de todos/as.

A organización

O goberno e a administración municipal correspóndelle ao Concello, integrado polo Alcalde e os Concelleiros. Os concelleiros son elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, e o Alcalde é escollido polos propios concelleiros. Para garantir o bo funcionamento da cidade día a día, os concelleiros contan cun amplo equipo de aproximadamente 1300 profesionais que realizan diversas tarefas, tanto dentro do edificio do Concello como fóra del. Estes profesionais son os funcionarios e funcionarias da administración pública. **Sabedes cantos concelleiros/as temos no Concello de Vigo?** O número de concelleiros dun municipio é maior ou menor dependendo da poboación. A Vigo, tendo en conta o número de habitantes, correspóndenlle 27 concelleiros e concelleiras, que son elixidos democraticamente nas eleccións.

3.2.- A elección de representantes políticos

España é un Estado democrático, cuxa forma política é unha monarquía parlamentaria. O seu sistema de goberno baséase na soberanía nacional, na división de poderes e nun modelo parlamentario, sendo este último debido ao papel central que desempeña o poder lexislativo ou Parlamento. Segundo a Constitución Española, a soberanía nacional corresponde ao pobo español, é dicir, todos os cidadáns son titulares do poder público e del derivan os poderes lexislativo, executivo e xudicial. Isto implica que o goberno dun municipio depende da cidadanía.

Credes que sería posible que toda a cidadanía nos reuniramos para tomar as deci-

sión que afectan ao conxunto de veciños e veciñas?

Nunha cidade con case 300.000 habitantes como ten Vigo, sería imposible que todos tomaran decisións sobre os asuntos comúns. Por iso, os cidadáns participamos nos asuntos públicos a través dos representantes que eliximos en eleccións libres, universais, secretas e plurais. Para elixir aos nosos representantes no Concello, igual que ocorre nas eleccións á Administración Autonómica e Central, cada catro anos celébranse as eleccións municipais. Durante este proceso, as persoas que desexan representarnos, os candidatos e as candidatas que forman parte das listas de distintos partidos políticos, pre-

séntannos os seus programas a través dun período coñecido como campaña electoral.

No programa electoral, os candidatos e candidatas explican as medidas que pensan levar a cabo para mellorar as nosas condicións de vida. Tendo en conta isto, os cidadáns votamos polo candidato cuxas políticas e propostas coinciden máis cos nosos intereses.

Os veciños e veciñas empadroados maiores de 18 anos teñen a posibilidade de presentar a súa propia candidatura ás eleccións, así como de votar e elixir aos nosos representantes, que serán os Concelleiros e Concelleiras. Posteriormente, estes reúnen en Pleno para elixir ao Alcalde ou Alcaldesa.



3.3.- Os órganos de goberno municipal

Estes son os principais órganos de goberno do Concello, e todos traballan xuntos para garantir o bo funcionamento da administración local e atender ás necesidades da cidadanía

Alcalde ou alcaldesa

É a máxima autoridade do Concello e é elixido polos Concelleiros no Pleno. O Alcalde ou Alcaldesa ten a responsabilidade de dirixir a administración local, coordinar os servizos e representar ao municipio.

Tenencia de Alcaldía

Un Tenente de Alcalde é un Concelleiro ou Concelleira ao que o Alcalde nomeou membro da Xunta de Goberno e ao que lle recoñeceu a capacidade legal para substituílo en caso de enfermidade, ausencia, dimisión ou falecemento ou nos supostos que a lei prevea.

A Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local é o órgano colexiado que exerce as labores de goberno do municipio. Está formado polo Alcalde e polos Concelleiros e Concelleiras que el designe libremente. O número de membros non pode pasar dun terzo do número de membros do Pleno. É por iso que, en Vigo, a Xunta de Goberno Local non excederá de nove persoas, ademais do Alcalde ou Alcaldesa. Este órgano reúne-se cada semana e ás súas xuntanzas non pode asistir público xa que os temas que aquí se deliberan son secretos.

The background of the page is a stylized illustration of a town hall interior. It features several rows of red chairs with black microphones attached to the backrests, arranged in a semi-circular pattern around a central text area. The chairs are set against a light blue wall. The central text area is a white rectangle with a blue border. The title 'O Pleno do Concello' is written in blue at the top of this area. The text below is in black, with some words in red for emphasis. The overall style is simple and illustrative.

O Pleno do Concello

É o órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal. Está formado polo Alcalde ou Alcaldesa e por todos os Concelleiros e Concelleiras.

Este órgano, reúnese no Salón de Plenos, unha vez ao mes en sesión ordinaria, pero tamén pode reunirse en sesións extraordinarias no caso de presentarse algún tema de interese máis urxente que así o precise.

Nas sesións deste órgano, os nosos representantes presentan, debaten e toman decisións sobre todo o que afecta á vida dos veciños e veciñas. Por exemplo, aquí trátanse temas fundamentais como os orzamentos municipais, as obras públicas que se van realizar na cidade ou as normativas municipais que sexa necesario establecer.

Tendo en conta que aquí se reúnen os nosos representantes e se debaten temas que nos afectan a toda a cidadanía, **serán os Plenos xuntanzas abertas ao público ou os seus acordos e deliberacións serán secretos?** Os cidadáns maiores de idade teñen o dereito de asistir ás xuntanzas do Pleno como oíntes. Por outro lado, as actas das sesións plenarias son públicas para que as veciñas e veciños poidamos estar informados sobre as decisións adoptadas. Por último, tamén podemos manternos informados/as a través da prensa, que asiste ás sesións para facer unha crónica das mesmas.

O Alcalde convoca, preside e dirixe o Pleno. Na súa labor de dirixir os debates, mantén a orde nos mesmos cumprindo e facendo cumprir o Regulamento deste órgano, interpretándoo en caso de dúbida e suplíndoo no caso de omisión; intervirá, en calquera momento para facer as aclaracións que estime oportunas sobre o fondo dos asuntos.



3.4.- As competencias municipais

Os Concellos son a administración máis próxima á cidadanía, e gozan de autonomía para promover actividades e prestar os servizos públicos que mellor contribúan a satisfacer as necesidades dos veciños. Teñen asignadas toda unha serie de competencias que xestionar dentro do espazo do Municipio.

A maior parte das cousas que nos afectan na vida diaria son competencia do Concello e xestionáanse desde aquí. Desde o Concello de Vigo por exemplo encargarse de xestionar servizos esenciais coma estes: recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, tratamento de residuos, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas. iluminación pública, cemiterio, parques públicos, bibliotecas públicas, protección civil, policía local, avaliación e información de situacións de necesidade social, prevención e extinción de incendios, instalacións deportivas, transporte colectivo urbano de viaxeiros,...

Para que a xestión municipal sexa efectiva e eficiente, cada Concelleiro ou Concelleira, xunto cun equipo de funcionarios e funcionarias municipais, ten a responsabilidade de atender un área específica. Existen concelleiros encargados de diferentes tarefas, como o urbanismo, o transporte, a educación, o medio ambiente, a cultura, as festas, o deporte, entre outras. Cada un destes Concelleiros traballa na súa área para garantir o benestar da comunidade e o bo funcionamento dos servizos públicos do municipio.

3.5.- O edificio do Concello

Na antiga Vila de Vigo, que estaba centrada e focalizada no que hoxe coñecemos como Casco Vello, as asembleas cidadás, nas cales se votaban as decisións que afectaban ó conxunto dos habitantes, facíanse na Praza da Pedra e recibían o nome de “Concejos Abiertos”.

A evolución da vila, que en 1810 obtivo a súa carta de cidadanía, xunto co aumento da poboación, levou á construción en 1862 do primeiro edificio do Concello entre as actuais prazas da Constitución e da Princesa. Este edificio foi dotado das estancias necesarias para o goberno e a administración dunha cidade que experimentaba un rápido proceso de crecemento. Con todo, o rápido crecemento da cidade en tamaño e poboación fixo que aquel edificio se quedase pequeno. Así, en 1976 inaugurouse o actual edificio da Casa do Concello, na Praza do Rei. Este espazo, antes coñecido como Campo de Granada, albergaba o Castelo de San Sebastián, un dos tres bastións que, xunto coas fortalezas de O Castro e A Laxe, defendían a cidade dos ataques, que, debido á súa localización xeográfica, frecuentemente chegaban por mar.



O edificio da Casa do Concello conta con 13 andares, aínda que as oficinas dos distintos departamentos ocupan ata o undécimo, sendo os dous andares restantes destinados ao arquivo. Aínda que xa ten máis de 45 anos, o edificio foi deseñado con criterios modernos, cunha disposición flexible dos espazos. Para facilitar posibles adaptacións no futuro, en lugar de realizar divisións permanentes das oficinas con ladrillo, utilizáronse paneis de madeira e outros materiais lixeiros, permitindo modificar os espazos conforme ás necesidades ao longo do tempo.

